ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL

FUNDAMENTO E RÉXIME

Artigo 1

Este Concello conforme ó autorizado polo artigo 106 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e de acordo co previsto no artigo 20.4.ñ) do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece a Taxa pola prestación do servizo de escola infantil municipal, que se regulará pola presente Ordenanza, redactada conforme ó disposto no artigo 16 do RDL 2/2004 citado.

FEITO IMPOÑIBLE

Artigo 2

Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación do servizo de escola infantil municipal consistente en estancia ou gardería para nenos/as e educación.

OBRIGADOS TRIBUTARIOS

Artigo 3

1. Son suxeitos pasivos desta taxa en concepto de contribuíntes, as persoas que resulten beneficiadas ou afectadas polo servizo que constitúe o obxecto desta taxa.

2. Tendo en conta que os usuarios do servizo gravado pola presente taxa, os nenos/as en situación de alta na escola infantil municipal, son menores, actuarán no seu nome, cos efectos previstos na Lei Xeral Tributaria, o pai e/ou nai dos mesmos e, no seu defecto, os familiares ou titores legais a quen corresponda o exercicio da patria potestade.

BASE IMPOÑIBLE

Artigo 4

1. A base do presente tributo estará constituída pola renda per cápita mensual da unidade familiar.

2. A estes efectos, enténdese por renda per cápita mensual o resultado de dividir polo número de persoas que compoñen a unidade familiar o cociente resultante de dividir por doce a suma dos ingresos totais da unidade familiar.

3.- Enténdese por unidade familiar, aos efectos da presente taxa, a formada polos cónxuxes non separados legalmente e, no seu caso, os fillos e fillas menores de 18 anos, con excepción dos que, con consentimento dos pais vivan independentes destes, e os fillos maiores de 18 anos cunha minusvalía superior ao 33% e os incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada ou os así

declarados pola administración autonómica. Nos casos de separación legal ou cando non existira vínculo matrimonial, a unidade familiar estará formada polo pai ou nai e tódolos fillos e fillas que convivan con un ou outro e reúnan os requisitos descritos no parágrafo anterior.

4.- A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente no 31 de decembro do ano a que se refiran os datos económicos a que se refiren as seguintes regras.

5.- Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas do exercicio anterior a aquel en que dea comenzo o curso escolar, no cal se pretenda que produzan efectos, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas por agregación da base impoñible xeral coa base impoñible do aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O importe dos ingresos totais da unidade familiar será acreditado, mediante a presentación das copias certificadas pola Administración tributaria das declaracións do IRPF ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen as declaracións do IRPF.

A documentación anterior poderá ser substituida pola correspondente autorización á Administración con competencia en materia de escolas infantís 0-3 para obter os datos necesarios para determinar os ingresos totais para estes efectos a través das correspondentes administracións tributarias.

6.- O importe anterior dividirase polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Entenderase por familia monoparental a unidade familiar a que se refire o artigo 4.3 cando formase parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa con que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa económicamente ao seu sustento.

A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior por doce.

DEVENGO E PERIODO IMPOSITIVO

Artigo 5

1.- A taxa devéngase nacendo a obriga de contribuir cando se inicie a prestación do servizo derivado do feito impoñible, aínda que poderá esixirse o depósito previo do seu importe.

2.- O periodo impositivo coincidirá co mes natural de prestación de servizos, sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 6.2 da presente Ordenanza.

CUOTAS TRIBUTARIAS

Artigo 6

A tarifa pola atención educativa en xornada completa na Escola Infantil Municipal de Xove fíxase en 160 euros mensuais.

Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre esta tarifa aplicaranse as reducións que se especifican no artigo 7.

Cando o alumno teña solicitada e concedida unha praza en réxime de media xornada (máximo 4 horas), o prezo da atención educativa reducirase no 50% do prezo que lle corresponda aboar de acordo coa renda per cápita da unidade familiar. Caso de que o alumno teña concedida a media xornada e transcorran máis de tres días asistindo á escola por un tempo superior sen a debida xustificación, aplicarase a tarifa correspondente á xornada completa.

Horario ampliado. Consonte ao previsto no artigo 22 do Regulamento de Funcionamento e Réxime Interior da Escola Infantil, con carácter excepcional os/as usuarios/as de media xornada de mañá ou de tarde poderán ampliala mediante a solicitude de unha hora extraordinaria como máximo, sempre que acrediten a súa necesidade.

O prezo mensual desa hora adicional será proporcional ao prezo que lle corresponda aboar de acordo coa renda per cápita da unidade familiar. A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente no 31 de decembro do ano a que se refiran os datos económicos a que se refiren as seguintes regras.

Revisión da taxa pública: durante o curso escolar poderase proceder á revisión da taxa aboada, sempre que se produzan e xustifiquen variacións nas circunstancias familiares referidas aos seguintes casos:

a) A modificación das variables que determinen os descontos recollidos na normativa vixente en materia de taxa pública.

b) A variación no número de membros da unidade familiar, se fose o caso. Neste sentido a/o beneficiaria/o deberá comunicar calquera variación que se produza ao respecto.

c) Cando se produzan causas sobrevidas que afecten aos recursos da unidade familiar, poderán presentar outros documentos que acrediten oficialmente a situación económica, sempre e cando as variacións de ingresos supoñan unha diminución de máis do 20% no cómputo anual fronte aos declarados na solicitude de praza, variacións que deberán ter unha duración dun mínimo de 4 meses para ser tidas en conta.

EXENCIÓNS, REDUCCIÓNS E DEMAIS BENEFICIOS LEGALMENTE APLICABLES

Artigo 7

7.1.- Reduccións. Sobre a cuota sinalada no artigo anterior, aplicaranse as seguintes reduccións totais ou parciais:

RENTA	% REDUCCION	CUOTA/MES €
Menores que o 50% IPREM	100%	0,00
Entre o 50% e inferiores ao 75% IPREM	79,38%	33,00
Entre o 75% e inferiores ao 100% IPREM	58.75%	66,00
Entre o 100% e inferiores ao 125% IPREM	33.75%	106,00
Entre o 125% e inferiores ao 150% IPREM	21.25%	126,00
Entre o 150% e inferiores ao 200% IPREM	13,13%	139,00
>200% IPREM	0%	160,00

7.2 Bonificacións. Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre a tarifa que resulte de aplicar o disposto no artigo 6 e no punto 7.1 anterior, aplicaranse as seguintes bonificacións, que non son acumulables entre sí:

-Nenos/as pertencentes a familias numerosas: bonificación do 20%

-Nenos/as pertencentes a familias monoparentais: bonificación dun 20%

-Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns, o segundo e sucesivos terán unha bonificación dun 20%.

Entenderase por familia numerosa aquela que reúna as condicións que determina a Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

Para a aplicación das bonificacións teranse en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude de praza na escola infantil 0-3, que deberán ser previamente xustificadas de non coincidir coas circunstancias na data da presentación da declaración do IRPF.

Cando por circunstancias sobrevidas (solicitude fóra de prazo, traslado de residencia, etc), o/a neno/a ingrese no centro con posterioridade ao día 15 do mes , a cota que corresponde pagar polo dito mes terá un desconto do 50%. Do mesmo xeito, durante o mes de setembro, a cota a aboar será do 50%.

NORMAS DE XESTIÓN

Artigo 8

1.-A débeda tributaria derivada da taxa pola prestación do servizo de escola infantil municipal liquidarase por padrón.

2.- O periodo de liquidación coincidirá co impositivo sinalado no artigo 7 desta Ordenanza, e a taxa, agás nos casos de suspensión temporal sinalados no apartado seguinte, terá carácter irreductible.

3.- Quedará en suspenso a obriga de aboar a cota tributaria nos seguintes casos:

a) O mes de vacacións anual do/a neno/a
b) Cando por calquera motivo distinto ao periodo de vacacións anuais o centro permaneza pechado por un periodo superior a quince días naturais.
c) Enfermidade grave do/a neno/a que impida a asistencia á escola por periodo superior ao mes. Se a reincorporación se produce con posterioridade ao día 15 do mes, a cota correspondente ao dito mes reducirase nun 50%.

4.- O ingreso da taxa practicarase preferentemente mediante domiciliación bancaria, se ben se permitirá no seu defecto o ingreso nas contas bancarias de titularidade do Concello.

5.- O impago en periodo voluntario dos recibos orixinará automáticamente o inicio do periodo executivo, sen perxuizo do disposto no artigo do Regulamento do Servizo.

6.- O pagamento das cuotas realizarase mensualmente nos dez primeiros días naturais co mes seguinte a que corresponda. Nos casos nos que o ingreso no centro se produza con posterioridade ao día primerio do mes, a cuota correspondente a dito mes ingresarase nos primeiros dez días do mes seguinte á data de ingreso.

7.- Todas as persoas usuarias aboarán á contía de once mensualidades por curso. Por norma xeral, non se devengará a taxa pública correspondente ao mes de agosto, por ser o mes de peche da escola.

RESPONSABLES

Artigo 9

Ós efectos de recoñecer ós responsables solidarios e subsidiarios da obriga tributaria, estarase ó disposto no establecido na Sección 3ª do Capítulo II do Título II da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS

Artigo 10

No relativo á calificación de infraccións tributarias e sancións, ademáis do previsto no Regulamento do Servizo, estarase ó dispuesto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e demáis normativa aplicable.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo o non previsto nesta Ordenanza será de aplicación o Regulamento do Servizo Municipal de Escola Infantil.

DISPOSICION FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor no momento da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comenzará a aplicarse no curso 2016-2017, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresas.

BOP nº de de xuño de 2016